



EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



UNAI ELORRIAGA

Vredaman

Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2006, 184 páxinas

P. V. P 17,50€ IVE incluído

ISBN 84-8288-924-9



9 784558 241870

A VERDADE DA IMAXINACIÓN

Logo de *Un tranvía cara a SP*, que foi Premio Nacional de Literatura no ano 2002, e *O pelo de Van't Hoff*, o escritor vasco Unai Elorriaga publica **Vredaman**, a súa terceira novela, que agora aparece traducida para o galego igual cás dúas anteriores. A historia dun neno que pretende acadar a intelixencia e a dos personaxes peculiares e imprevisibles que o rodean fan que en *Vredaman* o humor e a sorpresa se combinen nun relato no que imaxinación e pensamento crítico van parellos. O **título da novela** é a mestura do nome dun dos personaxes de *As I Lay Dying*, de William Faulkner, un neno chamado Vardaman, e do nome do pintor holandés Vredeman de Brie, que tivo un fillo que nunca pintou un cadro orixinal, senón que o único que fixo foi copiar os de seu pai.

Unai Elorriaga relata en *Vredaman* a historia de Tomé, un neno que persegue a intelixencia e como, para conseguilo, ten que chegar a aceptar a existencia da morte. A carón do protagonista, xorden as historias dos membros da súa familia e dos seus amigos: un avó ebanista que se burla da hipocrisía e da necesidade de aparentar, un tío que quere recuperar o **espírito comunal** do deporte, unha muller que tivo un mozo durante corenta anos pero nunca chegou a casar con el e unha tía que anda na procura dun exemplar rarísimo de cabalo do demo azul.

A novela ten moito de **xogo**, pero máis alá do lúdico, os lectores e lectoras han gozar coa súa lúcida reflexión sobre os seres humanos. Un **relato perfecto** que medra en emoción a medida que se aproxima ao final. *Vredaman* fala, entre outras moitas cousas, sobre a estraña relación entre a intelixencia e a morte, pero non o fai dunha maneira seca e abstracta senón a través de historias concretas e conmovedoras. Elorriaga tamén nos fala da interesada utilización de palabras como “triunfador” ou “perdedor”; fálanos desas razóns que, malia non teren sentido, cambian a vida dos seres humanos case sen que se decaten e, fálanos tamén, dos que pretenden dicir como temos que pensar.

U**NAI ELORRIAGA** (Algorta, Getxo, 1973) é filólogo de formación e traductor de oficio, tamén colabora na prensa escrita en éuscaro. Editorial Galaxia publicou a tradución para o galego da súa primeira novela, *Un tranvía cara a SP*, coa que o autor colleitou un sorprendente éxito de público e crítica, referendado pola obtención do Premio Nacional de Literatura do ano 2002. No ano 2004 publícase tamén en galego, ao mesmo tempo que en castelán, *O pelo de Van't Hoff*, a súa segunda novela.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.es